



## **APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES**

### **AXUDAS ÁS ILES**

A Consellería de Traballo e Benestar publica no DOG número 41, con data do 14 de maio, as bases reguladoras das súas subvencións aos proxectos empresariais previamente cualificados como Iniciativas Locais de Emprego (ILES) e inscritos como tales no rexistro administrativo habilitado na Dirección Xeral de Promoción do Emprego e nos departamentos territoriais da devandita Consellería.

O obxectivo destas axudas é fomentar a creación de empresas innovadoras, viables e xeradoras de emprego no ámbito local e no medio rural, polo que se financiarán parcialmente os custos necesarios para a posta en marcha destas iniciativas. De feito, diríxense á creación directa de postos de traballo de carácter indefinido, á contratación de expertos técnicos e ao apoio á función gerencial, así como ao comezo da actividade. Convócanse concretamente seis tipos de subvención. Para a creación directa de emprego estable, con postos de traballo que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluíndo os dos promotores, cuxos importes oscilan entre os 4.800 e os 6.000 euros. Para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación, a contía da axuda será equivalente ao 50% dos custos salariais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos; o importe máximo establécese en 18.000 euros.

En canto ao apoio á función xerencial, que se contempla co fin de acompañar ao emprendedor ou empresario na toma de decisións craves na instalación e o funcionamento da empresa, poderá revestir as seguintes modalidades: tutoría, formación e o encargo da realización externa de estudos e informes sobre a actividade. Cubrirase coas axudas ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun tope de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

En cuarto lugar, a orde desta convocatoria inclúe unha subvención financeira, baseada nunha redución de ata catro puntos do tipo de interese fixado pola entidade financeira que conceda préstamos para financiar os investimentos en inmovilizado material e intangible que sexan necesarias para a creación de ILES. Finalmente, tamén se conceden axudas de carácter xeral para o inicio e posta en marcha da actividade, a condición de que leve á creación directa dun posto de traballo estable para unha persoa desempregada.

Ademais, se o traballo principal das ILES demandantes destas subvencións se adscribe a algún dos denominados novos viveiros de emprego, como as novas tecnoloxías, o turismo rural e cultural, o audiovisual ou a xestión de residuos, por exemplo, terase acceso a un incremento do 10% na contía das axudas.